

A playlist perfecta

Martina levaba toda a semana intentando facer a playlist perfecta. Non para ela, senón para Diego, o rapaz que se sentaba detrás na clase de matemáticas e que sempre levaba auriculares.

"Que patético soa isto," pensou mentres miraba as cancións que seleccionara. Borrrou tres e engadiu outras dúas. Logo volveu a borrarlo todo. Era imposible.

O problema era que non sabía que música lle gustaba a el. Só sabía que escribía poemas no seu caderno cando pensaba que ninguén miraba, e que unha vez sorrira cando ela tropezou coas súas propias pernas na cafetería.

Finalmente, decidiu facelo. Creou a lista con cancións que a ela lle encantaban, cancións que falaban de cousas que non se atrevía a dicir en voz alta. Gardouna co nome "Para ti" e envioulle o enlace por Instagram ás tres da mañá, cando a valentía da madrugada lle daba coraxe.

Pola mañá, acordou con dúas mensaxes. A primeira era de Diego: "Esta playlist é increíble. A segunda canción é a miña favorita."

A segunda mensaxe tamén era súa: "Fixen unha para ti tamén."

Martina sorriu tanto que case lle doían as meixelas.

Conto realizado por Lucía Cando e Inés Barceló